



## Concello de Cuntis

---

# **BANDO**

D. MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS,

**FAI SABER:**

Que o 11 de xuño de 2018 ábrese o prazo de inscrición para anotarse no programa Cuntilín Verán 2018. Este prazo permanecerá aberto ata o 20 de xuño inclusive. O día 22 darase a coñecer o listado de admitidXs.

Cuntilín Verán está destinado a menores en idade escolar e abarca o período vacacional estival comprendido entre o 25 de xuño e o 11 de setembro de 2018, permanecendo aberto todos os días de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 nas instalacións do CPI Aurelio Marcelino Rey García a excepción da semana das Festas Patronais de Cuntis, do 13 ao 17 de agosto de 2018 que estará pechado.

As inscricións poden realizarse en:

- Departamento de Igualdade e Benestar Social, telf. 986548005 (ext.1032)/ 986185723
- Correo electrónico: [educacionfamiliar@concellodecuntis.es](mailto:educacionfamiliar@concellodecuntis.es)

Xunto co impreso de solicitude, que se pode recoller nas dependencias municipais ou descargar a través da páxina web do concello (<http://concellodecuntis.es>), as persoas interesadas deben presentar a seguinte documentación:

1. Volante de empadramento
2. Acreditar mediante contratos, certificados de empresa, etc., a necesidade de conciliación
3. Xustificante de matrícula do curso académico 2018/19
4. Xustificante de familia numerosa ou familia monoparental, se é o caso
5. Informe da traballadora social ou educadora familiar no caso de presentar necesidades sociais e/ou educativas que recomenden a participación no programa

## **PRAZAS LÍMITADAS**

Cuntis, 1 de xuño de 2018.

O ALCALDE,